



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D. Pedro Merino Gómez
D. Javier de Vicente Remesal
D. Antón Fernández Álvarez
D. Juan M. Suárez Creo
D. Juan M. Da Rocha Álvarez
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D^a Margarita Estévez Toranzo
D. J. Angel Álvarez Moreira
D^a Ana M^a Ameal Guerra
D. Pedro Antonio Araujo Nespereira
D. Enrique Barreiro Alonso
D. Manuel Angel Candelas Colodrón
D. Víctor Cardador González
D. Juan Carlos Carpintero Sánchez
D. José Cidrás Pidre
D. Eusebio Corbacho Rosas
D. Xosé Henrique Costas González
D. Guillermo De Oca Cancela
D. José Durany Castrillo
D. Luis Espada Recarey
D. Manuel Fernández Areal
D. José Ramón Fernández Fernández
D. Manuel Fernández Cruz
D. Rubén Frieiro Barros
D. Alberto Gago Rodríguez
D. José Manuel García Vázquez
D. José M^a Gil Villanueva
D. Alejandro V. Gómez Soler
D. Carlos F. González Salgueiro
D. Francesco Saverio Gugliotta Bastos
D. Manuel Gutiérrez Nieto
D. Juan Janeiro Vilaboa
D^a M^a del Pilar López Vidal
D. Víctor M. Martínez Cacharrón
D. Andrés Mazaira Castro
D. Pedro Membiela Iglesia
D. Xosé Luis Outes Ruso
D. Adolfo Pérez Abellás
D. José Enrique Pérez Fernández
D. Mariano P-Mtnez P-Amor
D. José Pose Blanco
D. Manuel J. Reigosa Roger
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
D. Luis Rodríguez Ennes
D^a Antía Rodríguez Nieves
D. Carlos Román Lago
D^a Elena Sánchez Trigo
D. Eduardo Soto García
D. Juan Carlos Suris Regueiro
D. José Tojo Suárez
D. Federico Vilas Martín
D. Manuel Pérez Vázquez (CIG)

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, do vinteoito de xullo de mil novecentos noventa e oito, ás 10.00 horas en primeira convocatoria e ás 10.30 en segunda, no Paraninfo do Rectorado da Universidade de Vigo.

O martes, **día 28 de xullo de 1998**, ás 10.40 horas, comezou a sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, de Acta da sesión anterior (19-06-98).
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Informe da Xunta de Goberno sobre o nomeamento de D. Xulio Taboada Pérez, como Xerente da Universidade.
- 4º.- Elección de representantes da Xunta de Goberno no Consello Social (artigo 65 dos Estatutos da Universidade de Vigo).
- 5º.- Elección de membros da Comisión de Docencia, delegada da Xunta de Goberno (artigo 23 do Regulamento de Réxime Interno da Xunta de Goberno).
- 6º.- Delegación na Comisión de Docencia da saída a concurso de prazas de profesorado.
- 7º.- Elección de representantes da Universidade nos Centros Adscritos.
- 8º.- Adxudicación das bolsas de formación do SETEL.
- 9º.- Proposta de modificación da normativa de traslados.
- 10º.- Regulación do acceso ó 2º Ciclo da Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas.
- 11º.- Aprobación, se procede, do convenio-marco de colaboración co SERGAS (Ourense).
- 12º.- Aprobación, se procede, de Actividades Culturais para o 1º trimestre do curso 98/99: "ciclos de conferencias dentro do convenio coa Fundación Barrié de la Maza", "Axudas Alfonso X" e "Axudas Ramón María Aller".
- 13º.- Aprobación de axudas de Extensión Universitaria para a participación no equipo de baloncesto.
- 14º.- Nomeamento do Delegado da Universidade no Padroado do Centro Residencial Concertado "Alcai" (Allariz).
- 15º.- Rogos e preguntas.

Preside a sesión o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo e actúa coma Secretaria, a Xeral da Universidade, D^a Margarita Estévez Toranzo.

No **punto 1**, a Secretaria Xeral explica que a aprobación da acta da sesión anterior posponse para a seguinte sesión de Xunta de Goberno, xa que debido a un erro, a algúns membros da anterior Xunta non lles foi remitida a proposta da dita acta.

No **punto 2**, O Rector, D. Domingo Docampo Amoedo, informa sobre as seguintes cuestións:

-suspensión cautelar do acordo da anterior Xunta de Goberno sobre a adscrición da materia "Dereito Comunitario";

-reunións recentes da CRUE e do Consejo de Universidades;

-anuncia unha reforma do Regulamento de Réxime Interno da Xunta de Goberno, debida á necesidade de adecua-las Comisións delegadas ós actuais ámbitos de coñecemento e á estrutura e competencia de cada un dos Vicerrektorados;

-indica a conveniencia de utilizar, en xeral, prazas non consolidables na saída a concursos das prazas de profesorado;

-acordos do Consello Universitario Galego no que se conceden as novas titulacións:

-Campus de Ourense: --2º Ciclos de "Informática" e de "Empresariais";

-Campus de Pontevedra: --Diplomatura en "Xestión e Administración Pública" e unha Licenciatura, a elixir entre "Ciencias da Actividade Física e do Deporte" e "conservación e Restauración de Bens Culturais";

-Campus Vigo: --Traslado definitivo da titulación de "Filoloxía Galega".

No **punto 3**, o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo, presenta o curriculum de D. Julio Taboada Pérez que foi nomeado provisionalmente Xerente da Universidade, e pide o informe favorable da Xunta de Goberno para o seu nomeamento.

O profesor Rodríguez Berrocal solicita que se proceda a unha votación secreta.

Faise a votación co seguinte resultado:

-a favor:	36 votos
-en contra:	2 votos
-en branco:	13

Apróbase informar favorablemente sobre o nomeamento de D. Julio Taboada Pérez, como Xerente da Universidade.

No **punto 4**, Elección de Representantes da Xunta de Goberno no Consello Social, preséntanse tantos candidatos como postos a cubrir, polo que non se precisa votación.

Os representantes son:

-Profesores: D. Xosé Manuel Cid Fernández, D. Luis Espada Recarey, D. Manuel Fernández Areal, e D. José Tojo Suárez.

-Estudiantes: D. Alejandro Gómez Soler e D. Víctor M. Martínez Cacharrón.

-PAS: D. Luis Pérez Gómez.

No **punto 5**, Elección de membros da Comisión de Docencia, preséntanse tantos candidatos como postos a cubrir nos sectores de "Estudiantes" e de "Persoal de Administración e Servicios (PAS)", quedando como membros:

-Estudiantes: D. Juan Janeiro Vilaboa, D. Adolfo Pérez Abellás e D. José Enrique Pérez Fernández.

-PAS: D. Carlos Mollinedo Lois.

No sector "Profesores" preséntanse os seguintes candidatos: D. Manuel Angel Candelas Colodrón, D. José Cidrás Pidre, D. Manuel Gutiérrez Nieto, D. Pedro Membiela Iglesia, D. Manuel Reigosa Roger, D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal, D^a Elena Sánchez Trigo e D. Juan Carlos Surís Regueiro.

Retírase a candidatura de D. Manuel Gutiérrez Nieto antes da votación e tras esta o resultado e o seguinte:

-D. Manuel Angel Candelas Colodrón,	23 votos
-D. José Cidrás Pidre,	26 votos
-D. Pedro Membiela Iglesia,	4 votos
-D. Manuel Reigosa Roger,	26 votos
-D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal,	10 votos
-D ^a Elena Sánchez Trigo,	9 votos
-D. Juan Carlos Surís Regueiro,	24 votos

Os membros do sector "Profesores" elixidos son: D. Manuel Angel Candelas Colodrón, D. José Cidrás Pidre, D. Pedro Membiela Iglesia, D. Manuel Reigosa Roger, D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal e D. Juan Carlos Surís Regueiro.

No **punto 6**, acórdase delegar na Comisión de Docencia a saída de prazas de profesorado, interino e contratado, para o curso 1998/99.

No **punto 7**, Elección de representantes da Universidade nos Centros Adscritos, o Vicerrector de Organización Académica, D. Antón Fernández Álvarez, fai a seguinte proposta que se aproba por asentimento:

*E.U. de Formación do Profesorado de EXB (Vigo):

-Directora-Delegada, D^a Dolores Troncoso Durán.

*E.U. de Relacións Laborais (Vigo):

-Representante no Padroado, D. Javier de Vicente Remesal,

-Director-Delegado, D. Carlos Garrido Suárez.

*E.U. de Enfermería Povisa (Vigo):

-Representante no Padroado, D^a Pilar Molist García,

-Director-Delegado, D. Andrés Sanjuan López.

*E.U. de Enfermería Sergas-Meixoeiro (Vigo):

-Directora-Delegada, D^a África González Fernández.

*E.U. de Enfermería (Ourense):

-Representante no Padroado, D. Luis A. Rodríguez López,

-Director-Delegado, D. Luis Rodríguez Míguez.

*E.U. de Enfermería (Pontevedra):

- Representante no Padroado, D^a Cristina Arias Fernández,
- Director-Delegado, D. Manuel Gutiérrez Nieto.

No **punto 8**, o Vicerrector de Investigación, D. Salustiano Mato de la Iglesia explica a proposta para a adxudicación das bolsas de formación do SETEI (anexo I).

O profesor Barreiro Alonso pide que se comprobe se na convocatoria se establece un máximo de dous anos no desfrute destas bolsas e que de ser así, se teña en conta se os bolseiros seleccionados cumpren este requisito.

Apróbase por asentimento a proposta e adxudícanse as bolsas de formación do SETEI a: D^a M. Estrella Sousa Vieira, D^a Ana Barcala Abanqueiro, D. Manuel Alonso Pérez, D. Manuel Andrade Álvarez e D^a Celeste Campo Vázquez.

O **punto 9**, Proposta de modificación da normativa de traslados, retírase por falta de documentación e información solicitada ós Centros.

No **punto 10**, Regulación do acceso ó 2º Ciclo da Licenciatura en "Publicidade e Relacións Públicas", o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo, expón diversas posibilidades que poden levarse a cabo.

O profesor Pérez-Martínez Pérez-Amor solicita que "se debatan en profundidade as liñas xerais que regulan os accesos ós 2º Ciclos, que exista unha filosofía xeral e que o tema non dependa de cada Centro".

Despois de sucesivas intervencións de membros da Xunta de Goberno, o tema queda posposto ate un posterior debate en conxunto, antes de finaliza-lo ano, sobre os accesos ós 2º Ciclos.

No **punto 11**, o Vicerrector de Extensión Universitaria, D. Xosé Manuel Cid Fernández, presenta o texto do Convenio (anexo II), indicando que hai actualiza-los datos relativos á data de nomeamento do Rector.

O profesor Corbacho Rosas suxire que se cambie "convenio" por "proxecto" na cláusula 6ª; acéptase.

Apróbase por asentimento a sinatura do convenio-marco de colaboración co SERGAS-Ourense (anexo III).

No **punto 12**, Actividades Culturais para o 1º trimestre do curso 98/99, o Vicerrector de Extensión Universitaria, D. Xosé Manuel Cid Fernández, presenta o tema (anexo IV), indicando que se trata de solicitudes de actividades que estaban pendentes de resolver e que se levan a Xunta de Goberno por non haber neste momento Comisión delegada de Extensión Universitaria.

Coinciden varios membros de Xunta de Goberno en que, en xeral, as solicitudes presentan información incompleta ou inadecuada, polo que non se toma acordo concreto ó respecto.

Acórdase que se revisen as propostas, se pida máis información e se espere a que sexan resoltas pola futura Comisión de Extensión Universitaria, agás aquelas que sexan urxentes, que serían tratadas na primeira sesión de Xunta de Goberno do mes de setembro.

No **punto 13**, Axudas de Extensión Universitaria para a participación no equipo de

baloncesto, o Vicerrector de Extensión Universitaria, D. Xosé Manuel Cid Fernández expón o tema e explica o proxecto de orzamento.

O profesor Outes Ruso pregunta cal é a filosofía do Equipo rectoral no tema do deporte universitario.

O profesor Araujo Nespereira pregunta por que se subvenciona o baloncesto e non o rugby.

O profesor Reigosa Roger apoia a proposta presentada e propón un debate xeral sobre o tema dos deportes.

Os profesores Pose Blanco e Corbacho Rosas indican que se supervisen as partidas orzamentarias en relación con este tema.

O profesor Pérez-Martínez Pérez-Amor opina que as cantidades dedicadas ó deporte deben destinarse ó deporte dos estudantes.

Os Sres. Janeiro Vilaboa e Gómez Soler defenden o deporte de base e piden que se aclare o temas das bolsas.

O Sr. Pérez Gómez apoia a proposta, indicando que as subvencións das entidades sinaladas son subvencións directas para o equipo de baloncesto.

O Rector, D. Domingo Docampo Amoedo, responde en conxunto a estas suxestións.

Aclárase que no parágrafo da proposta que se refire ó cadro de xogadores debe dicirse "dos cales 4 ou 5 como máximo poderán non ser universitarios".

Sométese a proposta a votación, co seguinte resultado:

-a favor:	42 votos
-en contra:	0
-abstencións:	3

O profesor Pérez-Martínez Pérez-Amor explica a súa abstención xa que "*dentro da filosofía do deporte na Universidade, teñen que tratarse por igual a tódalas especialidades deportivas practicadas nela.*

Dado a insuficiencia de medios económicos dispoñibles para este fin, considero que os ditos medios económicos téñense que repartir e, en todo caso, financiar a adestradores cos que aumentalo nivel das distintas especialidades deportivas. En calquera caso, tódolos xogadores de calquera equipo da Universidades terían que ser alumnos da mesma.

Polo dito, o meu voto é abstención".

Apróbanse as axudas de Extensión Universitaria para a participación no equipo de baloncesto (anexo V), quedando pendente para a seguinte sesión da Xunta de Goberno, a modificación da partida orzamentaria correspondente e a conseguinte convocatoria de bolsas.

No **punto 14**, apróbase a proposta de D. Ladislao Castro Pérez, Profesor Titular de

"Prehistoria" da Facultade de Humanidades de Ourense, como Delegado da Universidade no Padroado do Centro Residencial Concertado "Alcai" (Allariz).

No **punto 15**, Rogos e preguntas, preséntanse varios.

-D. **LUIS ESPADA RECAREY**.- Felicita ó Rector polos logros acadados no tema das titulacións.

-D. **XOSÉ HENRIQUE COSTAS GONZÁLEZ**.- Pide que no sucesivo, nos documentos da Universidade nos que figure a dirección "Rúa Oporto", se cambie polo de "Rúa da Cidade do Porto" que é o correcto.

-D. **JOSÉ ENRIQUE PÉREZ FERNÁNDEZ**.- Pregunta ó Rector se ten interese en que desapareza a "prestación social substitutoria" na Universidade.

-D. **JOSÉ ANGEL ÁLVAREZ MOREIRA**.- Manifesta que "tendo en conta o artigo 8.5 do Regulamento de Réxime Interno da Xunta de Goberno, os Estatutos da Universidade de Vigo e a Lei 30/92, quero realizar unha protesta formal polos erros cometidos na convocatoria para os alumnos pertencentes á Xunta de Goberno, xa que esta non se realiza de xeito fidedigno.

Non podemos saber se os alumnos que non están presentes recibiron ou non a convocatoria, xa que existe, presuntamente, un claro defecto de forma na convocatoria para esta Xunta de Goberno do mes de xullo.

¿Por que non se enviou a convocatoria por correo certificado?"

-D. **JUAN JANEIRO VILABOA**.-

--Pide información sobre o estado dos PODs;

--Pregunta por que están ó revés as bandeiras na Escola Universitaria de Profesorado de Ourense;

--Pregunta polo convenio co Ministerio de Xustiza, sobre a "prestación social substitutoria" (*o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo contéstalle que o convenio foi denunciado por un inspector e polo Dirección Xeral de Prestación Social e revocouse; indica que haberá que levar a Xunta de Goberno outra proposta de convenio*).

-D. **PEDRO ARAUJO NESPEREIRA**.- Pide que sigan as axudas ós equipos existentes, non profesionais e solicita información sobre o equipo de futbito.

-D. **FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ BERROCAL**.- Roga que se interprete correctamente a Normativa da convocatoria de axudas á investigación e pide que o Rector informe quen vai dispensa-la materia de "Dereito Comunitario".

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 15.00 h. do día 28 de xullo de 1998 da que eu como Secretaria dou fe, co visto e prace do Rector.

O Rector,

A Secretaria Xeral,

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo